



Calzada

Esta calzada era, ata mediados do século pasado, o único acceso á Ponte Vella dende o leste e sur. Tratábase dun camiño ancho e empedrado polo que pasaban dous carros, continuaba no outro lado da ponte e mesmo ao longo da vila. Dende finais do século pasado quedou cuberta polo recheo da praia fluvial ata o ano 2023 cando o concello decide descubri-la de novo.

A ponte vella

Esta ponte foi, durante moitos anos, o único paso para salvar o río Xallas. Malia que na actualidade non se aprecian restos arquitectónicos romanos, pois sufriu modificacións no século XII, non se dubida xa da súa orixe nesta época.

A primeira testemuña da existencia desta ponte data do ano 1286, citada na Carta Puebla da vila de Muros.

Ao outro lado da ponte atópase o Castro de Brandomil.




Concello de Zas

Praza do Campo, 1
15850 Zas


 concellodezas.org

 correo@concellodezas.org



BRANDOMIL

ESENCIA · ROMANA





Un museo ao aire libre

Brandomil é un auténtico museo ao aire libre, pois a vila está chea de restos romanos que se poden ver a simple vista dando un paseo pola mesma: capiteis, fustes de columnas, aras votivas, estelas funerarias...

Entre as numerosas pezas atopadas ao longo dos anos e nas prospeccións levadas a cabo destacan as aras votivas ao deus Coso, aos Lares Viales e á deusa Fortuna. Entre os achados sobresaen un frontón funerario único en Galicia e hoxe desaparecido.



Xacemento romano

Segundo a xente de Brandomil, baixo a aldea existe unha cidade soterrada. A esta lenda súmase a existencia de múltiples testemuñas que aseguran que é moi difícil atopar firme para construír unha casa, pero que pola contra é moi habitual atopar pezas talladas, tégulas, capiteis, así como outros elementos romanos escavando a pouca profundidade.

Nas escavacións que se están realizando na zona denominada Pedra do Altar descubriuse a existencia de dúas vías superpostas. Pegada a elas atópase unha domus datada de mediados e finais do século I d.C. Aquí levan aparecido xa grandes cantidades de diferentes materiais, cerámica e terra sigillata entre eles.

Segundo a datación feita por carbono-14 esta domus sufriu dous grandes incendios nun período de 30 anos. As escavacións continúan ano tras ano, pero na zona pódese visitar xa parte do xacemento descuberto ata o momento.



O pozo de Limideiro

Cerca do xacemento de Brandomil atópase este pozo, unha importante explotación mineira de época romana, posiblemente de extracción de ouro e estaño.

Son moitas as lendas que rodean este espazo. Uns veciños contan que o pozo contén unha escada de ouro que se pode ver cando a auga está moi clara. Outros afirman que no fondo do mesmo hai unha cazola de ouro.

